



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Maio 2017 • Nº 212



AXENDA PARA O MES DE MAIO

- Volven as **xuntanzas do alcade coa veciñanza** nas 12 parroquias.
- Abren os prazos de inscrición para participar nos **campamentos de verán** organizados polo Concello de Vedra.
- Abren os prazos de solicitude e reserva de praza na **Escola Infantil Municipal de Vedra**.

Desenvolvase o programa cultural arredor das Letras Galegas:

- Exposición **"As caras dos libros"** adicada a Carlos Casares, na biblioteca de Vedra do **5 ao 12 de maio**.
- Representación de dúas obras do programa **"Ler conta moito"** na biblioteca de Vedra para toda a familia:
 - 1) **"Comechíns, segundo prato"** venres **12 de maio** ás 18:30 h.
 - 2) **"Contos de Medo que deixan durmir"** martes **16 de maio** ás 17:30 h.
- **Concerto polas Letras Galegas**, domingo **21 de maio** ás 20:00 h. no Centro Social de Vedra.
- Incubadora de proxectos... **"Cara o emprendemento dende a participación. Fai que a túa idea funcione"** o venres **12 de maio** ás 20:00 h. no Centro de Formación municipal.
- **XXVII Romaría da Terceira Idade** o sábado **27 de maio** a partir das 12:30 h. en Vedra.
- Comeza o **obradoiro de tapicería** na Casa das Artes de Vedra.
- Festival de clausura das escolas deportivas de Vedra o **martes 30 de maio** no pavillón municipal.

MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- Festival de Bandas Xuvenís da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla **"Concello de Vedra"** o domingo **7 de maio** ás 17.30 h. na Casa Cultural de Santa Cruz.

Programa de actividades da Asociación Cultural San Campio para o mes de maio...

- Excursión á romería Raigame o **mércores 17 de maio**.
- III Concurso Serán das Letras.
- V Serán das Letras o **20 de maio**.
- Vive a Orientación o **27 de maio**.
- XI Día da Bicicleta coa Asociación Cultural e Xuvenil **"A Dorna"**, o domingo **28 de maio**.
- Certame de Corais en Santa Cruz de Ribadulla o **27 de maio**.

VEDRA FESTEIRA EN MAIO

- Festa da Orella
San Fins de Sales o **7 de maio**.
- Festa do Pulpo
Vedra o **14 de maio**.
- Festa do Porco á Brasa
Trobe o **21 de maio**.



A FEIRA DA CIENCIA 2017

■ O primeiro domingo de abril clausurábase o proxecto Vedra en Ciencia e facíao coa súa “Feira da Ciencia” que este ano se desenvolveu na Casa das Artes de Vedra.

Esta acolleu diferentes propostas: Exposicións sobre os legumes; a charla – coloquio “Cociñas do Mundo” con cinco recetas de legumes de diferentes puntos do planeta; o rincón de “Experimentando con Scienceffect”, lugar no que as persoas asistentes puideron participar da maxia da ciencia en directo... e por suposto cos traballos presentados polos centros educativos e polo público en xeral que fixeron as delicias dos alí presentes coas divertidas e moi elaboradas presentacións dos traballos.

Noraba a todas e a todos os participantes!!



“Os legumes nas cociñas do mundo”.



Percorrido do xurado polos traballos presentados para “A Feira da Ciencia 2017”.



Stand de Scienceffect.



Comezou o curso de monitor/a de ocio e tempo libre. Dentro do proxecto para a xuventude que conxuntamente organizan os concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces.



Unha nova edición de "FeiraVedra" no contexto da XXXVII Exaltación do Viño da Ulla, nesta ocasión mostrando o traballo do proxecto Vedra Medra do CPI de Vedra.



Festa da Pascua o domingo 23 de abril.



Proxección do documental "Vida, máis ca vida" e da curtametraxe "Vida" coa presenza do seu director Ruben Riós e os seus protagonistas.



Bingo o 20 de abril ás 20:00 h.



Obradoiro de xabóns da ANPA do CRA Boqueixón-Vedra.



CORREOS

■ 1.- Declaración institucional do Concello de Vedra, aprobada por unanimidade no pleno do 22 de marzo de 2017.

“Como representantes institucionais e políticos do Concello de Vedra é o noso deber velar polo mantemento de todos aqueles servizos que resulten necesarios e útiles para a veciñanza do noso municipio.

Atendendo ás últimas novas sobre a reorganización que a empresa Correos e Telégrafos está a realizar nas oficinas postais do rural e que afectan tamén á oficina de Correos de Vedra, este concello puido saber que o cambio substancial que afectará á veciñanza será o de horario de atención ao público na oficina, abrindo tan só de 8:30 a 10:00, cando actualmente tamén atenden ao público de 13:30 a 14:30.

Consideramos que só a atención á primeira hora non é suficiente para un concello coa nosa poboación, actividade e empresas, e dado que se trata dun servizo esencial vemos necesario que, cando menos, se manteña como ata o de agora, isto é, de 8:30 a 10:00 e de 13:30 a 14:30 horas. Deste xeito, aquelas persoas que non poden acudir no horario de primeira hora teñen outra alternativa, evitándolles ter que ir ata outros concellos para meros trámites postais.

Por todo isto, o concello de Vedra declara o seu compromiso coa defensa dos intereses da súa veciñanza neste asunto polo que insta a Correos e Telégrafos para que manteña A SÚA OFICINA DE CORREOS EN VEDRA; manteña o horario de 08:30 a 10:00 e de 13:30 a 14:30, e ASÍ MESMO AMPLÍE OS SERVIZOS OFERTADOS EN RELACIÓN AOS QUE ACTUALMENTE SE PRESTAN.”

■ 2.- Moción de veciñas e veciños de Boqueixón e BNG - AA Vedra para o mantemento das oficinas de correos nos concellos de Boqueixón e Vedra, aprobada por unanimidade no pleno do 22 de marzo de 2017.

“1.- Ofrecerlle a empresa Pública de correos SAE as seguintes alternativas ao desprazamento cara a Compostela, do persoal asignado ás oficinas de Vedra e Boqueixón:

a) Solicitar o mantemento do persoal asignado ás oficinas de Boqueixón e de Vedra, cos mesmos horarios de atención ao público que manteñen na

actualidade.

b) De considerar a empresa que non ha lugar ao mentemento do persoal asignado ás oficinas na actual modalidade, solicitar a unificación de ambas nunha localización intermedia nas proximidades da estrada nacional nun local cedido polo Concello afectado (de maneira que o servizo cubrira un espectro de practicamente dez mil habitantes), coas seguintes condicións:

- Asignar o mesmo número de traballadores que ten na actualidade Vedra, e recuperar o posto de traballo perdido en Boqueixón.
- Manter a atención ao público en horario de mañá en Vedra (da mesma maneira que oferta Correos no caso de desprazar o persoal a Compostela).
- Que a nova oficina sexa unha “Oficina Técnica”, en igualdade de condicións que noutros concellos con 6.000, 8.000 ou 9.000 veciños (como os casos de Caldas de Reis, Silleda, Cruces ou Chantada).

Desta maneira daríase servizo ás empresas asentadas no territorio (canteiras, empresas da madeira no sector primario e secundario, empresas de elaboración de pensos etc,...) os veciños recuperarían servizos paulatinamente detraídos ao longo destes últimos anos, e gañaremos novos servizos (por exemplo, o pago de facturas non domiciliadas a Fenoza, pago de multas de tráfico, servizos de paquetería azul ou ordinaria, o envío de buro-fax, etc,...) Unha oficina técnica compartida permitirá tamén dar un servizo efectivo aos peregrinos, potenciando a Vía da Prata.

En resumo, o establecemento dunha oficina técnica nun punto intermedio entre Silleda e Compostela, redunda na calidade do sistema.

2.- Facer pública a aprobación da presente moción en medios de comunicación e publicacións propias dos concellos.

3.- Solicitar igualmente, a defensa da presente moción por parte dos nosos Alcaldes, Sr. Carlos Martínez Carrillo e o Sr. Manuel Fernández Munín, perante o actual xefe da zona 1 de correos (que dispón de oficina en Compostela) Sr. Ángel Pérez Pérez.”

XUNTANZAS DO ALCALDE COA VECIÑANZA

■ Volven estas reunións parroquia a parroquia nas que o alcalde se pon a disposición dos veciños e veciñas para respostar as súas preguntas directamente e para falar e tratar temas de interese xeral...



DATA	LUGAR	HORARIO
Martes 23 de maio	Local Social San Fins de Sales	Ás 21:00 h.
Venres 26 de maio	Local Social Illobre	Ás 21:00 h.
Martes 30 de maio	Centro Social Vedra	Ás 21:00 h.
Venres 2 de xuño	Local Multiusos Trobe	Ás 21:00 h.
Martes 6 de xuño	Local Social San Pedro de Sarandón	Ás 21:00 h.
Venres 9 de xuño	Casa da Cultura San Miguel de Sarandón	Ás 21:00 h.
Martes 13 de xuño	Local Social Merín	Ás 21:00 h.
Venres 16 de xuño	Local Multiusos San Mamede de Ribadulla	Ás 21:00 h.
Martes 20 de xuño	Local Social San Pedro de Vilanova	Ás 21:00 h.
Martes 27 de xuño	Local Social Ponte Ulla	Ás 21:00 h.
Venres 30 de xuño	Local Social San Xián de Sales	Ás 21:00 h.
Martes 4 de xullo	Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla	Ás 21:00 h.

CAMPAÑA DE BACHEO

■ Dende o Departamento de Obras e Servizos infórmase de que no mes de maio darase inicio á campaña de bacheo nas estradas municipais.

Se fora preciso dar aviso dalgún punto concreto ou se ao pasar pola túa parroquia ves que queda algunha zona sen tratar chama ao 981 814 612.



Muller e Igualdade

OBRADOIRO DE TAPICERIA EN VEDRA

■ Dende o departamento de muller e igualdade do concello de Vedra lánzase esta proposta.

- **Lugar:** Casa das Artes de Vedra
- **Datas:** Os venres 26 de maio e o 2, 9 e 16 de xuño.
- **Horario:** De 19:00 a 21:00 h.
- **Prezo:** 25 € por persoa e curso (o material será por conta do alumnado)
- **Inscripcións** no teléfono 981 814 691 antes do 20 de maio.





VEDRA... EN MAIO MÁIS CULTURAL CA NUNCA!!

■ Coma cada ano arredor da celebración do Día das Letras Galegas o Concello de Vedra desenvolverá a seguinte programación cultural...

EXPOSICIÓN DEDICADA A CARLOS CASARES NA BIBLIOTECA DE VEDRA:

Con motivo da celebración das Letras Galegas dedicadas este ano ao escritor Carlos Casares, Vedra acollerá a exposición: **"AS CARAS DOS LIBROS"**

- Lugar: Biblioteca Municipal de Vedra.
- Calendario : do 5 ao 12 de maio en horario de luns a venres de 16:00 a 19:00 h.

ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA PARA TODA A FAMILIA, a través do programa Ler conta moito da Rede de Bibliotecas de Galicia

Venres 12 de maio ás 18:30 h. na Biblioteca Municipal de Vedra

"Comechíns, segundo prato" unha actividade na que nos mergullaremos nun mundo imaxinario, no que as cativas e os cativos descubrirán como a lectura pode abrir o apetito... e sobre todo que cousas convén comer para saciar ese apetito!!



Martes 16 de maio ás 17:30 h. na Biblioteca Municipal de Vedra

"Contos de Medo que deixan durmir" unha acción coa que aprenderemos a afrontar o medo, a rirnos del, a sacarlle proveito e a convertelo nunha porta cara un mundo cheo de aventuras e fantasía.

CONCERTO POLAS LETRAS GALEGAS

O domingo 21 de maio ás 20:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra.
Coa actuación do grupo folk **"Ascuas"**.

Medio Ambiente



RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS "PORTA A PORTA"

■ Lembra que o concello de Vedra segue a ofrecer o servizo de recollida de voluminosos porta a porta nun esforzo máis por axudar na reciclaxe e sobre todo en evitar os vertidos incontrolados. Os datos recollidos son os seguintes a data de 1 de maio de 2017:

TONELADAS RECOLLIDAS:

CORENTA E SETE TONELADAS CON SETECENTOS VINTE KILOS (47.720 kg)

CHAMADAS RECIBIDAS:

CENTO SETENTA E OITO CHAMADAS

Por iso animámoste a continuar facendo uso deste servizo para entre todos e todas conseguir unha Vedra máis limpa, máis cívica e mellor!!

DATAS DE RECOLLIDA:

O PRIMEIRO e TERCEIRO venres de cada mes en horario de mañá.

TELÉFONO AO QUE CHAMAR:

981 571 241 (Extensión 100)


As solicitudes atenderanse ata as 17:00 h. do día anterior a cada recollida!

E se o que queres é desfacerte ti dos teus despoños... entón a túa solución é...

O PUNTO LIMPO

Que abre as súas portas no seguinte horario:
Os martes de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h. e os sábados de 10:00 a 14:00 h.

Con todas estas medidas é incomprensible como é que seguen a existir vertedoiros incontrolados que contaminan a nosa contorna... Algo penado pola lei que debemos seguir denunciando e actuando na súa contra.



VEDRA MEDRA

*En abril déixame durmir,
que en maio de seu me caio.*

■ Despedimos abril e comezamos o mes de maio traballando en **Vedra de lenda**.

Os rapaces de 1.º de ESO xa remataron o labor de ilustración das lendas da comarca e agora é o momento de traducir ao inglés e francés a versión inicial en galego. O noso obxectivo é editar un libro plurilingüe con base nas lendas ullás.

As **visitas á contorna** seguen. Este mes tócalles facer ao alumnado de ESO a ruta xacobeá por Vedra adiante.

Tamén se están a desenvolver dende a volta de vacacións de Semana Santa os **Obradoiros de Patrimonio**.

“Aprendemos a contármonos!” comezou a súa andaina o 18 de abril e durará ata o 11 de maio. Esta vez centrárase na videocreación.

Todos os martes e os xoves, de 17.00 a 18.30, algúns alumnos de ESO veñen asistindo a actividades complementarias organizadas dende o proxecto e que son de carácter gratuíto para os asistentes.

Abril deixámolo con bo moi sabor de boca, pois ás tarefas que tiñamos marcadas e que levamos a cabo na súa totalidade de xeito satisfactorio, temos que engadir a nosa participación na XXXVII Exaltación do



Viño da Ulla.

Asistimos, convidados, o pasado 9 de abril a San Miguel de Sarandón para expoñer publicamente o que levamos feito este curso académico.

Vedra medra deuse a coñecer á veciñanza de Sarandón e aos asistentes á festa a través dunha exposición fotográfica e varias montaxes audiovisuais realizadas ou protagonizadas polo noso alumnado.

Foi unha grande oportunidade para dar a coñecer un proxecto que nace no CPI de Vedra pero que, á fin e ao cabo, é de todos os vedreses.

Queremos, unha vez máis, reiterar o noso agradecemento ao concello e á comisión organizadora do festexo por facilitarnos un espazo e un tempo na súa programación. E nós, seguiremos co traballo nas aulas ata o mes de xuño.

Se queren ver o noso labor semana a semana poden seguirmos en:

<https://www.facebook.com/vedramedra/>

Xuventude

INCUBADORA DE PROXECTOS

“Cara o emprendemento dende a participación. Fai que a túa idea funcione”

■ Pretende ser unha ferramenta de traballo sobre proxectos de participación xuvenil en grupos reducidos enfocados a mozos e mozas e entidades de carácter xuvenil xa decididos á presentación de propostas no marco do programa Iniciativa Xove ou outros similares, ou que ben xa teñan concorrido noutras convocatorias e busquen mellorar as súas competencias en canto á redacción e execución de proxectos. A formulación metodolóxica é eminentemente práctica, buscando o traballo en equipo e o intercambio

de ideas entre os asistentes introducindo unha breve exposición teórica ao inicio da sesión.

No taller explicárase a estrutura que debe seguir unha iniciativa emprendedora e participativa, as pausas para pasar do proxecto en papel á súa execución na realidade, a necesidade de establecer cronogramas para planificar os prazos de realización e tamén se animará aos asistentes a liderar os seus propios proxectos desenvolvendo as ideas que teñan. Ade-



mais, na actividade explicarase en que consiste a participación xuvenil e se comentarán os obxectivos e iniciativas do programa Iniciativa Xove.

O taller de ideas está aberto á participación do público en xeral, aínda que vai especialmente dirixido a entidades xuvenís e que prestan servizos á xuventude, asociacións culturais, grupos de mozos e mozas, colectivos interesados en levar a cabo proxectos de participación xuvenil...

O taller celebrarase o venres 12 de maio, ás 20:00 horas, no Centro de Formación Municipal na Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla. As



persoas interesadas deben inscribirse no departamento de cultura ou a través do teléfono 981 814 691, ou no e-mail xuventude@concellodevedra.com

ACCIÓNS DE VERÁN 2017

CAMPAMENTOS

Categoría	Idades	Instalacións	Datas	Prezo
INFANTIL	Nad@s de 2005 a 2009 (ambos incluídos)	Cabana de Bergantiños	9 ao 15 de xullo	140 €
XUVENIL	Nad@s de 2002 a 2004 (ambos incluídos)	Cabana de Bergantiños	9 ao 15 de xullo	140 €
XUVENIL	De 15 a 17 anos	Campamento en Ibiza	2 ao 9 de agosto	185 €
NOTA: Os prezos inclúen transporte, aloxamento en albergue, pensión completa e actividades				

INSCRICIÓNS:

- **Prazo de inscrición:** do 15 de maio ao 9 de xuño, agás Intercambio con Ibiza que será ata cubrir prazos.
- **Documentación:** Ficha de inscrición (descargar ficha na web) e resgardo de pagamento (ata 10 días antes do comezo da actividade). En caso de non entregalo producirase a baixa na actividade.

- As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura ou a través do e-mail: cultura@concellodevedra.com
- **Prazas limitadas** (por orde de inscrición) con preferencia dos empadroados no concello.
- **Descontos** (agás Intercambio-campamento en Ibiza)
 - 2º fill@ : 25%
 - 3º fill@ : 50%
 - 4º fill@ ou máis: de balde.

VIAXE DA MOCIDADE A IBIZA (nas proximidades da illa de Es Vedrá)

Categoría	Idades	Instalacións	Datas
MOCIDADE	De 18 a 30 anos	Albergue xuvenil en Ibiza	19 ao 26 de xullo
Prezo: Para estudantes e desempregados/as 275 € Para persoas con emprego 325 €			
NOTA: Os prezos inclúen: voo e desprazamentos, aloxamento en albergue, media pensión e 3 días de excursión-visitas pola illa.			

INSCRICIÓNS:

- **Prazo de inscrición:** do 15 de maio ao 9 de xuño.
- **Documentación:** Ficha de inscrición (descargar ficha na web). A inscrición quedará formalizada unha vez que se realice o pago (reserva de voo)
- As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura ou a través do e-mail: cultura@concellodevedra.com
- **Prazas limitadas** (por orde de inscrición) con preferencia dos empadroados no concello.





PROGRAMA DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA - 2017

■ Convócase proceso de selección para cubrir 3 prazas de oficias de segunda xardineiros/as, 1 praza de oficial de segunda tractorista/desbrozador/a e 2 prazas de oficiais de segunda albaneis, con contrato por obra ou servizo de interese social, a xornada parcial (25 horas semanais) e cunha duración de 5 meses, subvencionado pola Deputación Provincial de A Coruña e co cofinanciamento do Fondo Social Europeo, a través do Programa de Integración Laboral (DP0027) mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2017.

As bases que rexerán o proceso de selección estarán publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello así como o modelo de solicitude, a partir da publicación do anuncio no BOP da provincia de A Coruña.

Requisitos para acceder ao posto:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B ou C**, dependendo do posto ao que se opte.
- d) **Habilitación:** non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego público. (Achégase declaración xurada a cu-

brir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).

e) **Ter a tarxeta de demandante de emprego como des-empregado na oficina de emprego correspondente.**

f) Segundo o apartado 2.1 das bases de convocatoria do Programa de Integración Laboral estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral, nalgúnhas das seguintes situacións:

- Mulleres.
- Maiores de 45 anos.
- Parados de longa duración: Aos efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- Persoas en fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Os/as aspirantes serán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago, que remitirá listaxe provisional, previa oferta pechada presentada por esta entidade, motivo polo cal as persoas que cumpran algunha das situacións de exclusión laboral sinaladas no parágrafo anterior, deberán estar inscritas como demandantes de emprego, nalgún dos postos que se ofertan, no prazo de 15 días naturais dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP de A Coruña.

Máis información na oficina do técnico local de emprego do concello, en horario de oficina de 9:00 a 14:00 h.





FINAL DA LIGA E DA COPA CONCELLO DE VEDRA

■ O martes 25 de abril disputouse a final e o 3º e 4º posto da copa de fútbol sala do concello de Vedra, polo que se da por concluída a tempada de torneos de fútbol sala no pavillón de Vedra.

O equipo vencedor da copa resultou ser o Bograo F.S. tras vencer por 4 goles a 3 ao equipo do Aríns F.S., mentres que o 3º clasificado foi o equipo de Os Picholeiros, logo de vencer na loita polo terceiro e cuarto posto ao equipo A Barra é nosa por 3 a 1.

Unha vez rematada a competición tamén se entregaron os trofeos da liga, na que o equipo máis goleador resultou ser o Brañas do Café Bar O 26, o menos goleado o Aríns F.S. e o máis deportivo de toda a competición o Canteiras Grandeiro. Na liga o Bograo F.S. foi o terceiro clasificado, mentres que segundo foi o Brañas do Café Bar O 26 e o campión e equipo que representará ao concello no torneo intermunicipal foi o Aríns F.S.

CADRO DE HONRA

Campión de liga	ARINS F.S.
Subcampión de liga	BRAÑAS DO CAFÉ BAR O 26
3º clasificado	BOGRAO F.S.
Equipo mais goleador	BRAÑAS DO CAFÉ BAR O 26
Equipo menos goleado	ARINS F.S.
Equipo máis deportivo	CANTEIRAS GRANDEIRO
Campión de copa	BOGRAO F.S.
Subcampión de copa	ARINS F.S.
3º clasificado de copa	OS PICHOLEIROS



Equipo gañador da liga 2016 - 2017

FESTIVAL CLAUSURA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CONCELLO DE VEDRA

- **Data:** martes 30 de maio.
- **Hora:** ás 17:00 horas.
- **Lugar:** Pavillón Municipal de Deportes

As persoas participantes das Escolas Deportivas de patinaxe, baloncesto, baile moderno e karate realizarán unha exhibición das habilidades adquiridas durante este curso que xa remata.

Para rematar... haberá inchables e moita diversión para todos e todas!!



Momento do festival de clausura de actividades do 2016

ETAPA DE SENDEIRISMO

0 sábado 20 de maio de Oia a Baiona

■ NOVIDADE!!

A causa do cambio horario o grupo contará con novo horario para a recollida do autobús.

- Saída ás 7:30 h. da de Mosqueiro.
- Parada ás 7:40 h. en Lestedo.
- Parada ás 7:45 h. no Breixo.
- Parada ás 7:50 h. diante do Hipercor.
- Parada ás 8 h. na Estación de autobuses.

Para inscribirte chama antes do 18 de maio ao teléfono 981 8146 91



ACTIVIDADES DA LUDOTECA EN ABRIL



Cociña de xoguete elaborada para a Ludoteca Municipal.

■ No mes de maio gozaremos de actividades cheas de dinamismo e estimulación dos xogos de movemento. Dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para traballar a educación para a corresponsabilidade e a igualdade en todas as actividades implicando ás familias na actividade lúdica a través do xogo. Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- A Máquina do tempo: Coñecendo Grecia e Roma.
- Experimentos divertidos : "o profesor chifrado"
- Obradoiro emocional: "Como estou cando me enfado" role playing
- "Mr/s. Manitas"
- Descubre e investiga: "xogos de Grecia e Roma"
- Patrulla ambiental.
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Superchef: Grecia.
- Plastihistoria.
- Patrulla ambiental.
- Sombras no muro.
- Miúdos/as artistas: da antiga Grecia e Roma, ¿facemos un Partenón?



AXUDAS A FAMILIAS CON FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS PARA O ANO 2017 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



■ Orde do 24 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2017.

REQUISITOS:

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2017 (nados entre o 2/01/2014 e o 1/01/2017, incluídos), e que, durante o ano 2015, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso.

TIPO DE AXUDA:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación. A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude.
- Copia do libro de familia.
- Certificado de convivencia da unidade familiar (cunha antigüidade de 6 meses)
- Datos bancarios.

PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes remata o 25 de maio.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao departamento de servizos sociais comunitarios os luns, xoves ou venres de 8:30-14:00



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Campionato de "BRISCA"

Os martes, mércores e xoves a partir das 20:30 h. Equipos de 3 persoas. Inscripción na cafetería.

■ Bingo

Xoves 11 de maio ás 20:00 h.

■ Música nas Letras Galegas

Domingo 21 de maio ás 20 h. Actuación do Grupo Folk ASCUAS

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 24 de maio

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita. (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 6 de maio no Centro social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición)

■ XXVII Romaría da Terceira Idade

Sábado 27 de maio a partir das 12:30 h. en Vedra.

Programa: Misa, actuación, xantar... Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que



Romarías da Terceira Idade do ano 2016

ten un custe de 10 €/participante. Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro da 3ª idade, de martes a domingo, de 19:00 a 22:00 h. O prazo estará aberto desde o 6 ata o 24 de maio.

■ Excursión á Cañiza "Romaría-Santuario de Santa María da Franqueira"

Luns 5 de xuño. Prezo: 25 € (In-

clúe transporte, comida e visitas)
Programa: pola mañá romaría e pola tarde visitas a lugares de interese da zona... (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 20 de maio. As inscricións realizaranse única e exclusivamente no Centro social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición; prazas limitadas).

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA

Solicitudes para o curso 2017/2018

■ **Idade de ingreso:** Mínimo 3 meses e máximo 3 anos, cumpridos antes do 31 de decembro.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

As familias con nenos/as xa matriculados actualmente no centro, que desexen renovar a praza deberán presentar a solicitude de **reserva do 1 ao 15 de maio de 2017**, acompañada da declaración do IRPF do

exercicio 2015 ou o correspondente certificado da Axencia Tributaria.

As familias que desexen solicitar praza de **novo ingreso** deberán presentar a solicitude do **16 ao 31 de maio de 2017**.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao departamento de servizos sociais comunitarios do concello os luns, xoves e venres de 8:30 a 14:00 horas.

A ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA "CONCELLO DE VEDRA"

- **Data:** o domingo 7 de maio
- **Lugar:** Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla
- **Hora:** ás 17.30 h.

PROGRAMA:

- Actuación da Banda Xuvenil de Valga.
- Banda Xuvenil de Catoira.
- Banda Infantil da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- Banda Xuvenil da Escola de Música.



ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO PARA O MES DE MAIO...

EXCURSIÓN Á ROMERÍA RAIGAME Mércores 17 de maio "Día das Letras Galegas"

■ A Asociación Cultural San Campio, como xa vén sendo habitual, propón esta saída festiva e cultural á "Romería Raigame" en Vilanova dos Infantes-Celanova.

- Saída ás 9:30 h. do Cruce de Sarandón.
- Custe: 12 € (Inclúe o transporte + camiseta) (O xantar por conta de cada quen).
- Inscripcións no teléfono 619 520 793.

III CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

■ A Asociación Cultural San Campio propón unha nova edición deste concurso no que se busca a orixinalidade e o compromiso coa nosa lingua.

Bases e prazos de participación: Podes consultar as bases deste concurso na páxina web do concello.

Lembra que podes presentar os teus debuxos, relatos ou poesías ata o 12 de maio no departamento de cultura do concello de Vedra. A entrega de premios deste concurso será o 19 de maio na Taberna do Ferrador.

Máis información e consultas no tel. 981 814 691

V SERÁN DAS LETRAS O 20 de maio

■ Polos furanchos de Ximonde. A partir das 20:00 h. coas actuacións de:

- Dedaleiras
- Silandeiras
- Pandereteiras de a Baña
- Sarillo de Aiazo

Ademais homenaxearemos a Carlos Casares coa lectura dunha das súas obras.

VIVE A ORIENTACION Sábado 27 de maio

■ Para rematar este mes repleto de actividade, a Asociación San Campio preséntache esta proposta para coñecer o deporte rei dos países nórdicos e que cada vez trunfa máis en España e en Galicia. A orientación é un deporte apto para todas as idades e con ela vivirás unha experiencia inesquecible coa túa familia andando ou correndo polo monte Pedroso en Santiago.

Información e inscricións no teléfono 636 399 007

A ASOCIACIÓN AMABUL



A ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL “A DORNA” PRESENTA UNHA NOVA EDICIÓN...

XI DÍA DA BICICLETA

■ A Asociación Xuvenil “Dorna” organiza o XI Día da Bicicleta, que terá lugar na parroquia de Trobe o vindeiro domingo 28 de Maio co seguinte programa:

- A partir das 10:00 h. INSCRICIÓNS GRATUÍTAS NO CAMPO DA FESTA DE TROBE.
- Ás 10:30 h. Xincana ciclista infantil e paseo alternativo de 2 km para os máis cativos.
- Ás 11.15 h. Inicio do paseo en bicicleta apto para todo o público que percorrerá o municipio de Vedra con saída e final no campo da festa de Trobe.

Distancia aproximada 16 km. Punto de avituallamento a metade de percorrido.

Ademais ao longo da mañá:

- Sorteo dunha bicicleta e agasallos entre os asistentes.



- Os primeiros participantes recibirán unha camiseta conmemorativa.

Recomendase o uso de casco protector. Probas non competitivas abertas a toda a cidadanía. Menores irán acompañados de adulto.

Para +info: 619 942 583 ou visítanos en facebook

XI DÍA DA BICICLETA EN TROBE
28 DE MAIO

10:00 APERTURA DE INSCRICIÓN GRATUÍTA NO CAMPO DA FESTA DE TROBE
10:30 XINCANA CICLISTA INFANTIL
11:15 INICIO DO PASEO EN BICICLETA DISTANCIA APRÓX.16 KM
PUNTO DE AVITUALLAMENTO A METADE DE PERCORRIDO

ADEMAIS O LONGO DA MAÑÁ:
SORTEO DE UNHA BICICLETA E AGASALLOS ENTRE OS ASISTENTES
OS PRIMEIROS PARTICIPANTES RECIBIRÁN UNHA CAMISETA CONMEMORATIVA.
OBRIGATORIO O USO DE CASCO PROTECTOR
MENORES IRÁN ACOMPAÑADOS DE ADULTO

© + INFO: 619 942 583 ASOCIACIONXUVENILDORNA@GMAIL.COM facebook f

Organiza: **DORNA** ASOCIACIÓN XUVENIL DE TROBE Colabora: **Concello de Vedra**

C.D. SAN MAMED



■ O C.D. San Mamed comezará o mes de xuño cos seus torneos. Estarán presentes as canteiras do R.C. Celta, Deportivo, Lugo, etc.

AXENDA:

- O sábado 3 de xuño II Trofeo Prebenxamín (2009-2010)
- O sábado 10 de xuño V Torneo Alevín (2005-2006)
- O domingo 11 de xuño V Benxamín (2007-2008)



CLUB OLÍMPICO DE VEDRA FINAL DA TEMPADA 2016-2017

■ Os equipos masculino e feminino do Olímpico de Vedra descendem a 2ª división da Liga Nacional de duatlón a pesar de acadar 4 podios de 4 posibles a nivel autonómico. Aínda así o descenso non pode empañar a mellor tempada da historia do Club Olímpico, cos seguintes resultados:

EQUIPO MASCULINO

- Campión galego de duatlón contrareloxo por equipos.
- Medalla de bronce no campionato galego de duatlón.
- 8º posto no campionato de España de duatlón por clubs.
- 12º clasificado na liga nacional de clubs.

EQUIPO FEMININO

- Medalla de bronce no campionato galego de duatlón.
- Medalla de bronce no campionato galego de duatlón contrareloxo.
- 11º clasificado na liga nacional de clubs.

E todo isto despois dun mes de abril ao máximo rendemento coa participación no campionato de España de duatlón por clubs en Avilés, última proba decisoria para a liga nacional 2017 na que tanto o equipo feminino como o masculino se quedaron ás portas da permanencia!!

O reto ao que se enfrontaba o Olímpico de Vedra era maiúsculo e o chisco de sorte que ás veces se precisa foilles esquivar en momentos puntuais, aínda así é para estar orgullosos pois competiron con clubs de grandes cidades estatais, dando batalla durante toda a competición descendendo na última xornada e por escasa marxe.



...Pero esta non foi a única novidade do club neste mes de abril maratoniano para os olímpicos vedreses... Senón que tamén houbo tempo para participar no...

Campionato Galego de Duatlón no que acadaron dobre podio de bronce por parte dos equipos absolutos masculino e feminino, facendo pleno de podios autonómicos na tempada de duatlón.

...E a nivel individual enorme: Manu Dosil 6º, Jacobo Crego 11º, César Otero 12º (subcampión junior) e Miguel Daporta 2º veterán.

Toda a información e a crónica deportiva na páxina do club www.olimpicodevedra.org ou na súa páxina de facebook.



CERTAME DE CORAIS SANTA CRUZ DE RIBADULLA. O sábado 27 de maio

■ Organizado pola Asociación Cultural Amigos da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.

- **Data:** 27 de maio.
- **Lugar:** Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.
- **Horario:** 20:30 h.

PROGRAMA:

- Coral La Torre de Maside (Ourense).
- Coral A Oliveira do Monte Branco (Ponteceso – A Coruña).
- Coral Polifónica Santa Cruz de Ribadulla.





FESTA DA ORELLA

en San Fins de Sales o 7 de maio

XXX Festa da Orella
San Fins de Sales
★ VEDRA ★ MAIO 2017 ★
domingo 7
12:00 h. Misa Solemne
13:00 h. Actuación do grupo de baile de San Fins de Sales "A.C. AGARIMO"
14:00 h. Pregón a cargo de MELA CASAL
14:30 h. Actuación da Banda de Música SR de Calo
Pola tarde actuación da
CHARANGA TNT e TRIO MANHATTAN
A partir das 18:30 h. actuación da orquestra
COSTA OESTE
APARCADORIO GRATIS
SORTEO DE DOUS PORQUÍÑOS

FESTA DO PULPO

II FESTA DO PULPO
Domingo 14 Maio
A partir das 14:00 h
Campo da festa de Vedra
APARCAMENTO GRATUITO

XI FESTA DO PORCO Á BRASA o domingo 21 de maio en Trobe

■ A comisión de festexos "Virxe do Carme" de Trobe organiza a súa undécima edición da Festa do Porco á Brasa, que terá lugar o domingo 21 de maio no multiusos de Trobe.

PROGRAMA:

- Ás 14:00 h. Pregón a cargo do humorista Pedro Brandariz.
- Ás 14:30 h. Xantar.
- Durante a xornada contarán coa actuación do dúo "La hora bruja".

PREZOS:

- Retirada de tickets anticipada 16 €.
- Na panadería "Otero", no bar "A Dorna", no bar "O Candil", o bar "A Colmena" (Pontevea).
- Retirada de tickets o día da festa en taquilla 18 €.

Para mais información no teléfono 696 209 601.

Pequenos... Grandes Xestos!!!



MENSAXE AO BO CIVISMO

■ De seu Vedra é un municipio rural; nel deben convivir todas as formas de vida que na actualidade se dan no noso concello limítrofe con Santiago e no que cada vez é máis común un modelo familiar no que o sustento económico non depende do agro.

Por iso quérese enviar unha mensaxe de convivencia de todas as formas de vida nas aldeas, sendo

capaces de combinar as esixencias dos traballos do campo coa vida na aldea.

Un claro exemplo destas prácticas agrarias que poden xerar a discordia na convivencia é o **abono de fincas con purín**, o cal non está regulado ata o momento; polo que só se pode apelar ao código galego de boas prácticas agrarias que recomenda non aplicarse a menos de 30

ou 50 metros dunha fonte ou pozo, non facer regas en terreos asolagados nin a carón das vivendas.

Dende aquí soamente queremos interpelar ao sentido común e a unha convivencia na que impere a lóxica e o bo civismo,... na que con xestos como evitar as horas centrais do día para facer as regas do **purín** e así todas e todos saímos gañando.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.